

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN COA SOLICITUDE

DE OBRIGADA PRESENTACIÓN:

- Impreso de solicitude cuberto en todos os seus apartados
- Acta de constitución dos integrantes que forman a actual comisión, coa sinatura do presidente/a e o secretario/a saíntes.
- Fotocopia compulsada do CIF da comisión de festas
- Fotocopia do DNI da Xunta Directiva.
- Designación de conta bancaria (modelo oficial)
- Poder autorizante no caso de persoas físicas

INFORMACIÓN XERAL SOBRE AS CONDICIÓN DA CONVOCATORIA

- Non se subvencionarán festexos que non estean enraizados no ciclo festivo tradicional.
- Unha determinada festa só se subvencionará a través dunha única comisión.
- Non se admitirán como gastos facturas relativas a alimentos e bebidas, agás as de produtos típicos das celebracións tradicionais, pero en ningún caso as que corresponden a bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera produto considerado nocivo para a saúde.
- Criterios para a concesión da subvención:
 - Para festas consideradas patronais ou asimiladas (polo calendario eclesiástico ou a súa importancia na zona): para os lugares de máis de 900 habitantes 6.000,00 € (máximo) e para os lugares de menos de 900 habitantes 3.000,00 € (máximo), por todos os conceptos de gasto subvencionables, a unha soa comisión por lugar ou parroquia de celebración, sempre que o presuposto presentado sexa igual ou superior a estas cantidades e así o soliciten e xustifiquen documentalmente.
 - Para festas non patronais, romarías ou asimiladas: concederáse para os lugares de máis de 900 habitantes 1500,00 € (máximo) e para os lugares de menos de 900 habitantes 1.000,00 € (máximo) nas festas non patronais, romarías ou asimiladas organizadas no verán e a cantidade única de 500,00 € para as festas non patronais, romarías ou asimiladas de inverno. Estas cantidades se concederán por todos os conceptos de gasto subvencionables a unha soa comisión por lugar ou parroquia de celebración, sempre que o presuposto presentado sexa igual ou superior a estas cantidades e así o soliciten e xustifiquen documentalmente.
- No caso de non celebrarse a festa patronal/principal, e sempre que o proxecto presentado o xustifique e así o aprobe a Xunta de Goberno, poderíase acceder ás axudas previstas para a festa patronal.
- Para os efectos da concesión considéranse gastos subvencionables nas festas os da contratación das orquestras, actuacións artísticas, carpas, alumeados festivos, pirotecnia, memorias técnicas e certificacións preceptivas. Calquera cambio destes conceptos deberá ser previamente comunicado e autorizado para ser admitido como xustificante no momento do cobro da subvención.
- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro no prazo máximo de 1 mes a contar da data de celebración da festa para a que solicita subvención.
- Deberán entregarse dous carteis anunciadores no Servizo Municipal de Festas 5 días antes da realización da festa, onde conste o logotipo oficial do Concello e enviarse en formato dixital (JPG)

PRAZO E DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

- O prazo rematará o 30 de setembro para as festas patronais e o 31 de outubro para as non patronais ou romarías tradicionais.
- A xustificación realizarase mediante a conta xustificativa que constará da seguinte documentación:
 - Memoria de actuacións xustificativa (modelo oficial).
 - Memoria económica xustificativa (modelo oficial).
 - Facturas orixinais ou compulsadas dos gastos realizados polos conceptos incluídos no presuposto inicial e polo importe sinalado na notificación da concesión. As facturas que non reflectan claramente a finalidade da actividade deben acompañarse dun informe aclaratorio. Os pagamentos acreditaránse con carácter xeral mediante documento de transferencia bancaria, podendo admitirse de xeito excepcional pago en efectivo cando a súa cuantía sexa inferior a 300,00 €. Neste último caso deberá constar factura o "recibo" co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación.
 - Considerarase gasto realizado o que esté efectivamente pagado con anterioridade á data na que se presente no Concello a conta xustificativa.